

ACTIVIDADES DE CIENCIAS SOCIAIS DO 16 AO 27 DE MARZO

Estas actividades inclúen algunas on-line. Se non as puideses facer, fai só as escritas.

DÍA 1

ESPAÑA: LÍMITES, COMUNIDADES AUTÓNOMAS(CC.AA.) E PROVINCIAS.

Fíxate no mapa da páxina 77 do libro de C. Sociais. Repasa os límites, CC.AA. e provincias.

Pincha neste enlace e practica

<http://www.ceiploreto.es/sugerencias/averroes/educativa/autonomias.html>

Descarga a ficha do mapa de España complétao, corríxeo e colorea cada CC.AA. dunha cor.

DÍA 2

Repasa o mapa do día anterior.

DÍA 3

A IDADE MEDIA: DOS ROMANOS AOS VISIGODOS

LEMBRA

A orixe do ser humano remóntase a uns 3.000.000 de anos antes de Cristo aproximadamente.

Os historiadores dividen este longo período de tempo en etapas para poder estudalo mellor:

ETAPAS DA HISTORIA	
Prehistoria	Dende hai 3.000.000 de anos ata a aparición da escritura.
Idade Antiga	Dende a aparición da escritura (3.000 antes de Cristo) ata a caída do Imperio romano (século V)

Idade Media	Dende o século V ata o descubrimento de América (século XV)
Idade Moderna	Dende o século XV ata a Revolución Francesa (século XVIII)
Idade Contemporánea	Dende o século XVIII ata a actualidade.
¿???	

As dúas primeiras etapas (Prehistoria e Idade Antiga) estudáronse nos cursos pasados. Agora empezamos a Idade Media.

Le as páxs. 91, 92 e 93 do libro de Ciencias Sociais.

Fai na túa libreta o esquema das etapas da historia.

DÍA 4

1. Pincha neste enlace e realiza a actividade.

http://www.ceiploreto.es/sugerencias/cplosangeles.juntaextremadura.net/web/quinto_curso/sociales_5/visigodos_5/visigodos_5.html.

2. Completa na túa libreta coas palabras que faltan do reino visigodo

Os visigodos estableceron un en Hispania e instalaron a súa capital na cidade de.....

O obxectivo dos reis visigodos era crear unha monarquía forte que unise a.....e a.....

Os reis visigodos adoptaron o..... como relixión tras a conversión do rei Recaredo en 587.

A maioría da poboación vivía en pequenas..... e dedicábase á.....e á.....

Dúas actividades que sufriron un gran retroceso na Hispania visigoda foron o.....e a.....